Memoria 2025

CETMAR
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

CETMAR
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

Edición, textos e fotografías
Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR

MEMORIA 2025

SUMARIO

1. Prólogo 4

2. As cifras 6

3. Proxectos e servizos 11

4. Equipo humano 39



Prólogo

PRÓLOGO

Querida lectora, querido lector:

Nas páxinas que seguen presentamos unha síntese do traballo desenvolvido polo extraordinario equipo que conforma o Centro Tecnolóxico do Mar–Fundación CETMAR. Un equipo multidisciplinar, formado por mulleres e homes comprometidos co mar, que traballa a diario para apoiar aos sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, aos sectores da economía azul, ás administracións públicas, ás organizacións profesionais, científicas e sociais, e, sobre todo, a todas aquelas persoas cuxa vida e futuro dependen dos nosos ecosistemas mariños.

Máis de cincuenta profesionais colaboramos cada día cun obxectivo común: impulsar a **innovación, a sostibilidade e o coñecemento aplicado ao mar,** xerando impacto real en Galicia e contribuíndo ao avance dunha economía azul máis responsable e resiliente.

Ao longo de 2025, CETMAR liderou e participou en iniciativas determinantes para afrontar os grandes desafíos do noso tempo: a adaptación ao cambio climático, a transición enerxética, a xestión sostible dos recursos pesqueiros, a loita contra a contaminación mariña, a observación oceánica, a formación especializada e o fortalecemento da gobernanza marítima. Traballamos cóbado con cóbado con universidades, centros tecnolóxicos, empresas, administracións e organizacións de máis de trinta países, consolidando alianzas e construíndo solucións compartidas baseadas no rigor científico e na cooperación. Sen esquecer a nosa importante labor para exportar a países de África ou América Latina todo ese coñecemento e saber facer sobre o mar en Galicia.

Este ano, ademais, supuxo un fito especial para a Fundación: **a aprobación do noso Plan de Igualdade**, un compromiso firme para seguir avanzando cara un entorno laboral máis xusto, inclusivo e diverso, reflexo dos valores que defendemos e promovemos en todas as nosas actuacións.

Todo elo foi posible grazas ao esforzo, o coñecemento e a dedicación das persoas que integran CETMAR. A súa paixón polo mar, a súa capacidade de innovar e a súa vocación de servizo público seguen sendo a base do noso traballo e a garantía de que seguimos contribuíndo, de maneira tanxible, ao desenvolvemento sostible do sector marítimo-pesqueiro.

Miramos cara ao futuro inmediato con especial ilusión: **en 2026 celebramos con orgullo o 25 aniversario de CETMAR**, un cuarto de século dedicado á xestión do coñecemento mariño, a formación e a cooperación, co compromiso renovado de seguir acompañando as persoas que viven do mar, impulsando o coñecemento e reforzando a sostibilidade dos nosos océanos.

Grazas por acompañarnos un ano máis neste camiño compartido.

Rosa Chapela Pérez, directora-xerente



As cifras

ACCIÓNS

TIPO E ÁMBITO



	TOTAL	NACIONAIS	INTERNACIONAIS
PROXECTOS	22	5	17
SERVIZOS	37	21	16
TOTAL	59	26	33

ACCIÓNS

FONTES DE FINANCIAMENTO



INTERNACIONAL ■ EUROPEA ■ NACIONAL ■ AUTONÓMICA

Nº ACCIÓNS POR FINANCIADOR



INTERNACIONAL ■ EUROPEA ■ NACIONAL ■ AUTONÓMICA

CETMAR
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

SOCIOS



España	41
Portugal	21
Italia	14
Bélxica	13
Francia	11
Grecia	11
Turquía	8
Dinamarca	7
Irlanda	7
Reino Unido	6
Alemaña	4
Chipre	4
Bulgaria	3
Finlandia	3
Noruega	3
Rumanía	2
Rep. Checa	2
Honduras	2
O Salvador	2
Perú	2
Mozambique	2
Suecia	1
Ucraína	1
Xeorxia	1
Rusia	1
Senegal	1
Malta	1
Hungría	1
Costa Rica	1
Namibia	1
Sao Tomé	1
Moldova	1

SOCIOS


CENTROS DE INVESTIGACIÓN
ENTIDADES E ASOCIACIÓNS
UNIVERSIDADES
ADMINISTRACIÓNS
EMPRESAS
CENTROS TECNOLÓXICOS
FUNDACIÓNS
SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO
44
39
36
31
21
4
4
3

PROXECTOS E SERVIZOS

LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA

MANIFESTS GENIOUS

O obxectivo deste proxecto é reforzar as capacidades de preparación e resposta para a xestión integrada da contaminación das augas costeiras, con especial atención á liberación das denominadas SNP (sustancias nocivas e potencialmente perigosas), incluídos os combustibles alternativos (HVO, amoníaco, metanol e GNL), que poderían constituír unha nube de gas tóxico, derivar cara á costa e afectar ás comunidades locais que viven nela. Considerararanse dous escenarios: unha fuga subterránea dunha canalización e unha fuga superficial de auga dunha estación de servizo portuaria ou instalación costeira.

PRAZO: 2023/2025

PRESUPOSTO: 929.583 euros

FINANCIADOR: European Commission's Humanitarian aid and Civil Protection department (ECHO).

Free-LitterAT

O proxecto aborda o lixo mariño, un reto transnacional que require un enfoque holístico que integre prevención, seguimento e redución do lixo. O seu obxectivo é a protección da biodiversidade mediante enfoques innovadores para previr e reducir o lixo. Free LitterAT axudará a reducir as entradas, identificar fontes e acumulacións, mellorar o seguimento e aumentar a conciencia. Os resultados inclúen guías e ferramentas de xestión de residuos, seguimento e modelización e limpeza, así como plans de actuación que serán trasladados ás autoridades con competencias e aos usuarios finais. O proxecto basearase en resultados anteriores e desenvolverá novas solucións que se porán en marcha mediante accións piloto.

PRAZO: 2023/2026

PRESUPOSTO: 3.765.474,20 euros

FINANCIADOR: Programa de Cooperación Transnacional Espacio Atlántico.

BLUEWWATER

O proxecto BlueWWater ten como obxectivo mellorar a calidade das masas de auga fluviais, de transición e costeiras, mediante o control, seguimento e redución das emisións de microplásticos e contaminantes emerxentes (CE) ao medio acuático no litoral transfronteirizo. Todo isto se desenvolverá mediante a mellora da eficiencia das estacións depuradoras de augas residuais urbanas (EDAR) en ambas rexións, garantindo así un uso sostible dos recursos hídricos e contribuíndo á implantación da normativa comunitaria da Directiva Marco da Auga (DMA).

PRAZO: 2023/2026

PRESUPOSTO: 2.095.847,24 euros

FINANCIADOR: Programa de Cooperación TransfronteIriza Galicia-Norte de Portugal (POCTEP).

LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA

ORDEA MAR LIMPO III

Apoio técnico para o desenvolvemento dunha orde de axudas para a recollida de residuos, incluídos os residuos de algas de arribazón. CETMAR encárgase de actualizar o plan MarLimpo para adaptalo ao FEMPA e prestar apoio técnico na elaboración da devandita orde de axudas. Ademais, avalía as solicitudes presentadas polos beneficiarios das axudas e realiza visitas de control para supervisar as actuacións de recollida de residuos que levan a cabo as confrarías gañadoras, incidindo na sensibilización sobre a problemática dos residuos mariños.

PRAZO: 2023/2026

PRESUPOSTO: 414.646,68 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

PT PROTECMA

Plataforma tecnolóxica cuxo obxectivo é desenvolver e poñer en práctica unha estratexia de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación orientada á protección do litoral e do medio mariño, á prevención, resposta e mitigación da contaminación mariña provocada pola actividade antropoxénica e ao control e mellora da calidade das augas mariñas, costeiras e de transición. Esta estratexia ten como obxectivo mellorar a capacidade tecnolóxica e a competitividade das organizacións españolas que desenvolven a súa actividade neste ámbito e contribuír á aplicación da lexislación ambiental vixente e dos convenios autonómicos e internacionais para a protección do mar e das costas.

PRAZO: 2025/2026

PRESUPOSTO: 80.000 euros

FINANCIADOR: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Agencia Estatal de Investigación.

MANIFESTS Genius (2024-2025)

GOBERNANZA MARIÑA

CAPTA

A maioría das actividades humanas implican a emisión de gases de efecto invernadoiro e a natureza ofrécenos sumidoiros de carbono como marismas ou pradarías mariñas coñecidas como "ecosistemas de carbono azul". Estes, ademais dunha biodiversidade moi elevada, ofrecen outros servizos tradicionais como a pesca ou o marisqueo que, aínda hoxe, se ven afectados polo cambio climático. CAPTA pretende establecer as bases para o desenvolvemento de políticas e instrumentos de planificación que axuden a acadar a neutralidade climática e a fortalecer os servizos ecosistémicos do litoral, mellorando a súa resiliencia. Nun marco de cooperación transfronteiriza traballarase en procedementos homoxéneos e na información comparable sobre riscos climáticos, para definir accións conxuntas.

PRAZO: 2022/2026

PRESUPOSTO: 2.452.183,79 euros

FINANCIADOR: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER. Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP).

REMAP

Facilitar a aplicación da Directiva de Xestión do Espazo Mariño (MSP) na Unión Europea, desenvolvendo respostas innovadoras para afrontar retos específicos en cada un dos Estados membros, é o obxectivo desta acción, que se centra no seguimento, avaliación e revisión dos plans presentados por cada un dos Estados membros. Dado o carácter compartido dos retos MSP, as propostas derivadas desta convocatoria deben ser aplicables a nivel de demarcación marítima europea. As principais actuacións de CETMAR céntranse no desenvolvemento dun módulo de seguimento sobre aspectos socioeconómicos e de goberno e nas actividades de co-desenvolvemento coas partes interesadas, así como na comunicación e difusión dos resultados do proxecto.

PRAZO: 2021/2025

PRESUPOSTO: 1.917.105 euros

FINANCIADOR: European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA).

POEM II

Encomenda enmarcada nas actuacións máis importantes de pesca, acuicultura e xestión do espazo mariño no marco de dous plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) elaborados e aprobados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD). As tarefas a realizar no marco deste servizo son obras técnicas de apoio nos procesos de ordenación do litoral marítimo nos que participe a administración autonómica e que o requiran; actualización e optimización da ferramenta MARPLAN; estudo sobre a idoneidade de zonas do litoral galego non localizadas nas rías nas que se poidan desenvolver actividades acuícolas, e cartografía da acuicultura mariña e continental en Galicia.

PRAZO: 2023/2026

PRESUPOSTO: 255.236,01 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

PROXECTOS E SERVIZOS

RCG SECRETARIAT

Asistencia técnica para os Grupos de Coordinación Rexional do Atlántico Norte, do Mar do Norte e do Ártico Oriental (RCG NANS&EA); Báltico (RCG Báltico); Grandes peláxicos (RCG *Large Pelagics*); Pesca de longa distancia (RCG LDF); Mediterráneo e Mar Negro (RCG Med&BS) e Asuntos Económicos (RCG ECON) para apoiar os procedementos administrativos, organizativos e de comunicación mediante a planificación e execución de tarefas administrativas, o desenvolvemento da marca e visibilidade en liña dos RCG e o desenvolvemento de mecanismos e propostas para establecer unha estrutura de secretaría técnica a longo prazo.

PRAZO: 2023/2025

PRESUPOSTO: 178.654 euros

FINANCIADOR: Comisión Europea. DG MARE e Regional Coordination Groups (RCG).

ESTRATEXIA DA ECONOMÍA AZUL DE GALICIA

Servizo para a creación e posta en marcha da oficina técnica "Estratexia Economía Azul de Galicia", así como das estruturas de gobernanza e diálogo que a faciliten, incluíndo a promoción da comunicación da súa evolución cara á sociedade. CETMAR Identifica e establece o mapa de correspondencia das actuacións dos organismos involucrados e recolle a información necesaria para o seguimento da execución e a consecución de resultados. Establecerá ademais indicadores de seguimento e medirá os resultados, identificando riscos e oportunidades de mellora ou necesidades emerxentes. Tamén facilitará o funcionamento da estrutura de gobernanza e dos fluxos de información, así como o desenvolvemento e contido de material de comunicación e difusión.

PRAZO: 2025/2027

PRESUPOSTO: 541.272,82 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar

SECWEB 2.0

SECWEB 2.0 ten como obxectivo desenvolver e por en marcha un conxunto de ferramentas e servizos innovadores para mellorar a capacidade dos Grupos de Coordinación Rexional (GCR) para harmonizar a recollida, xestión e intercambio de datos pesqueiros. Isto conseguirase mediante a aplicación de melloras na xestión do coñecemento e na comunicación, habilitadas a través da secretaría dos RCG como estrutura de apoio a estes colectivos, facendo especial fincapé na Política Pesqueira Común e na consecución da participación de todos os interesados. Espérase contribuír á execución dos seus obxectivos, como o uso sostible dos recursos mariños, a protección do medio mariño e o fomento dun sector pesqueiro competitivo e innovador.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 345.945,98 euros

FINANCIADOR: European Maritime, Fisheries and Aquaculture Fund (EMFAF)

GOBERNANZA MARIÑA

ENCOMENDA GALPS 23-26

Para o novo programa de desenvolvemento local participativo (DLP) no marco do novo FEMPA ou marco de financiamento destes grupos, a consellería considera necesaria a colaboración con CETMAR para continuar coa análise deste eixo. CETMAR prestará apoio técnico no desenvolvemento da prioridade 3 do FEMPA; no seguimento dos proxectos, indicadores e actividades desenvolvidas no EDLP polo GALP; na identificación e cuantificación dos efectos do DLP no sector pesqueiro galego; no desenvolvemento dun marco para as actividades dos FLAG nos eixes estratéxicos de transformación dixital, ecolóxica e sustentabilidade; na análise periódica do impacto socioeconómico dos FLAG e de iniciativas de cooperación e dinamización no marco do DLP.

PRAZO: 2023/2026

XUNTA DE GALICIA

PRESUPOSTO: 529.134,85 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

ENCOMENDA OPPs 2025

Esta encomenda ten como obxectivo revisar e avaliar os traballos técnicos presentados no marco dos Plans de Produción e Comercialización das Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPP) da comunidade autónoma de Galicia, así como revisar estes plans co fin de avaliar as porcentaxes máximas de intensidade de axuda específica no marco do FEMP, edición 2025, de acordo coas estipulacións establecidas nas especificacións técnicas aprobadas para tal fin.

PRAZO: 2025

XUNTA DE GALICIA

PRESUPOSTO: 62.549,28 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

MSP4BIODIVERSITY

Este servizo internacional pretende incorporar a biodiversidade na planificación espacial mariña (PEM) mediante a construción e a análise de escenarios. CETMAR se centrará no módulo socioeconómico, cuxo obxectivo é simular o impacto socioeconómico da PEM nunha análise de escenarios que prevé, basicamente, perturbacións da oferta en 2040 nalgúns sectores clave, como a pesca, a acuicultura, as enerxías renovables mariñas, o transporte marítimo e o turismo costeiro. Levarase a cabo en tres zonas piloto: Mar Tirreno Norte (rexións de Liguria e Toscana); Mar Adriático Norte (Friuli-Venecia Julia, Véneto, Emilia-Romaña e Marcas) e o Estreito de Sicilia (Subárea xeográfica da FAO do Estreito de Sicilia).

PRAZO: 2025

PRESUPOSTO: 7.630 euros

FINANCIADOR: Consiglio Nazionale delle Ricerche - Istituto di Studi sul Mediterraneo (CNR - ISMed)

PROXECTOS E SERVIZOS

BLUE SKILLS

O obxectivo principal deste estudo é realizar unha avaliación integral da evolución actual e prevista das competencias nos diferentes sectores da economía azul na UE. En concreto, será o encargado de definir as competencias azuis e os requisitos relacionados; analizar as necesidades de competencias actuais e futuras na economía azul en todos os Estados membros e mapear a oferta actual de educación e formación na economía azul na UE.
Tamén revisará as iniciativas financiadas pola UE sobre as competencias azuis ata a data, e ofrecerá recomendacións para abordar as carencias identificadas e apoiar o desenvolvemento dun marco de competencias para as capacidades azuis.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 215.050 euros

FINANCIADOR: European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA).


NESBp
ROMAP

USC
CES
I XORNADA INTERNACIONAL
ECONOMÍA AZUL E A ORDENACIÓN DO
ESPAZO LITORAL EN GALICIA

ANÁLISE DE DATOS E OBSERVACIÓN MARIÑA

ENCOMENDA OBSERVATORIO COSTEIRO

Adquisición de información oceanográfica e meteorolóxica relevante para a xestión sostible do sector acuícola en Galicia no marco do Observatorio Costeiro. O servizo contempla a mellora da rede de estacións automáticas nas augas costeiras de Galicia (plataforma de Cortegada, boias de Ribeira, Cíes, A Garda, Muros e estación de Rande) a través da adquisición, implantación e seguimento dos modelos de datos e instrumentos de avaliación que apoian a xestión dos equipos. CETMAR traballa na mellora da cohesión do Observatorio mediante colaboracións entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

PRAZO: 2022/2027

PRESUPOSTO: 499.000 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar e Fondos FEMPA.

XUNTA DE GALICIA

ENCOMENDA DXCASCC

Esta encomenda ten por obxecto a realización do servizo de coordinación das actuacións e xestión do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia. Tendo en conta a evolución deste Observatorio, ábrese unha nova etapa co obxectivo de consolidalo como un referente da sociedade galega aliñado coas principais estratexias internacionais: Década das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible, Axenda 2030, Misión da Unión Europea: Restaurar os nosos océanos e augas; e a nivel galego: Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050; Estratexia Dixital Galicia 2030; Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 ou a futura Estratexia de Economía Azul de Galicia.

PRAZO: 2023/2025

PRESUPOSTO: 201.776,56 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

XUNTA DE GALICIA

MOLL-E MALONE

O obxectivo principal de "MOLL-e MALONE" é mellorar a avaliación da calidade da auga na Ría de Arousa (Galicia, España), apoiando á acuicultura local. O servizo resultante será unha plataforma integral de datos ambientais que integrará produtos de monitoreo e previsión mariña de Copernicus, xunto con modelos costeiros e observacións *in situ* proporcionadas por provedores locais. Todo isto se desenvolverá en combinación con datos socioeconómicos (tanto do mercado como de dispositivos *in situ* dedicados a monitorear o crecemento e a produción de bivalvos nos sitios de acuicultura).

PRAZO: 2025-2026

PRESUPOSTO: 159.001 euros

FINANCIADOR: Mercator Ocean International

ANÁLISE DE DATOS E OBSERVACIÓN MARIÑA

EMODNET

O obxectivo de EMODNET é desenvolver aínda máis un servizo operativo polo que os datos mariños xeorreferenciados e os produtos de datos construídos segundo estándares comúns se poidan atopar, ver e descargar de forma gratuíta e sen restricións de uso.
Este consorcio comezou con EMODNET Human Activities en 2013 e continúa hoxe co obxectivo de aproveitar a experiencia para cubrir as lagoas actuais de datos, desenvolver novos produtos e mellorar o servizo para adaptar a súa resposta ás necesidades dos usuarios.
CETMAR recolle datos sobre parques eólicos mariños, áreas de lixo mariño, lixo portuario, zonas militares, planificación do espazo marítimo e outras formas de xestión marítima.

PRAZO: 2025/2029

PRESUPOSTO: 1.444.200 euros

FINANCIADOR: European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA).

OBSERVATORIO DE LA ECONOMÍA AZUL DE LA UE

O obxectivo do observatorio é apoiar con datos científicos a transformación sostible da economía azul da UE, xunto coa axenda de transición. O que se pretende é axudar á toma de decisións, á gobernanza e ás políticas mediante a recompilación, a análise e a difusión de coñecementos e datos económicos para unha mellor comprensión da economía azul da UE ao longo da cadea de valor e das rexións costeiras da UE. Os obxectivos deste contrato son o mapeo, adquisición, recompilación e procesamento de datos por sector; a realización de análises *ad-hoc* e redacción de informes, e o apoio aos servizos da CE e a CINEA na difusión e comunicación dos resultados.

PRAZO: 2025/2027

PRESUPOSTO: 953.177,78 euros

FINANCIADOR: European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA)

EUMOFA

Participación na rede de expertos en mercados do Observatorio Europeo da Pesca e da Acuicultura; unha ferramenta de intelixencia de mercado destinada a aumentar a transparencia e a eficiencia, analizar a dinámica dos mercados comunitarios, apoiar as decisións empresariais e crear políticas. EUMOFA permite o seguimento directo dos volumes, valores e prezos dos produtos do mar, desde a primeira venda ata a fase de venda polo miúdo, incluídas as importacións e exportacións. Os datos proceden de países da Unión Europea, Noruega, Islandia e institucións europeas, e actualízanse todos os días.

PRAZO: 2019/2026

PRESUPOSTO: 143.522 euros

FINANCIADOR: Comisión Europea. DG MARE.

ANÁLISE DE DATOS E OBSERVACIÓN MARIÑA

CUI BIODIVERSIDAD

O servizo céntrase na mellora das tecnoloxías de carga útil que permitan sistemas de misións autónomas con USV. Apoiarase na definición das misións de biodiversidade a realizar coa USV e identificarase a tecnoloxía de sensores adecuada para ese fin. Realizarase a integración dos equipos e análise dos datos recollidos, a inclusión de multiparamétrica de BABCOCK e a integración de sensores complementarios como sensor de turbidez ou fluorómetro.
Outras tarefas serán o sistema de toma de mostras de augas superficiais que permita a posterior avaliación dos parámetros da biodiversidade e soporte á calibración de medicións multiparámetros, ademais da integración do Side Scan Sonar do CETMAR e a avaliación do seu uso.

PRAZO: 2021/2025

PRESUPOSTO: 147.200 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Axencia Galega de Innovación.

WHISTLE

O obxectivo é mellorar a modelización mariña na rexión Western Iberia Buoyant Plume (WIBP) coa colaboración entre Portugal e Galicia (España). A WIBP, unha lente de auga con baixa salinidade presente todo o ano e influenciada por varias plumas fluviais, afecta á circulación costeira, á estratificación da auga, á distribución de nutrientes e aos procesos bioxeoquímicos mariños. WHISTLE mellorará os modelos operativos harmonizando datos meteorolóxicos e hidrolóxicos de ambas rexións.
O proxecto desenvolve dous casos de estudo: mellorar a resposta ante a contaminación mariña en Galicia e garantir a calidade da auga no Parque Natural do Litoral Norte de Portugal.

PRAZO: 2025-2026

PRESUPOSTO: 196.810,36 euros

FINANCIADOR: Mercator Ocean International.


CETMAR



PROXECTOS E SERVIZOS

ENCOMENDA APROMEX

Encomenda da Consellería do Mar ao Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR para prestarlle apoio a través do CIMA. O fin é apoiar o desenvolvemento de sistemas para a análise de poboacións de mexillón en hábitats intermareais rochosos mediante o uso de técnicas xeoespaciais de baixo custo; avaliar a utilidade e o rendemento da colocación de "palangre" con cordas de recollida nas zonas de produción de mexillón, e producir o bivalvo en condicións de criadeiro controlados para a súa introdución no cultivo de punta. Tamén está prevista a difusión e extensión do traballo e resultados.

PRAZO: 2022/2026

PRESUPOSTO: 319.808,05 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar. Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

BATEAS

Servizo de apoio na mellora da información dispoñible sobre a dinámica do cultivo do mexillón nas rías galegas mediante a recollida de información medioambiental e produtiva do sector. CETMAR colabora na mellora do coñecemento das condicións ambientais e de produción nas bateas e na recollida de información a través das asociacións mexilloeiras.
Con esta actuación preténdese dar apoio á Consellería do Mar para recoller información sistemática sobre o estado dos cultivos de mexillón, tendo en conta a variabilidade entre as distintas zonas de cultivo, así como detectar episodios extraordinarios ou incidencias significativas no cultivo do mexillón.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 699.000 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

ENCOMENDA OSTRA RIZADA

Encomenda da Consellería do Mar para o servizo de control e vixilancia das potenciais poboacións de ostra rizada (*Magallana gigas*) que se poidan establecer nas zonas costeiras das tres rías máis meridionais das Rías Baixas (Arousa, Pontevedra e Vigo).
O que se pretende é a determinación e control da presenza de poboacións da especie *Magallana gigas* nas costas das Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo e a súa captura natural a partir da posta de sementes desta especie. Tamén se contempla un estudo comparativo do cultivo de exemplares diploides e triploides de ostra rizada en batea.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 201.569,92 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

XESTIÓN DE RECURSOS

LIFE CIBBRINA 2.0

O obxectivo principal de LIFE CIBBRiNA é minimizar e, no posible, eliminar a captura accidental de especies prioritarias en perigo de extinción, ameazadas e protexidas (ETP), mediante a cooperación transfronteiriza e intersectorial da industria, a ciencia, as autoridades e outras partes interesadas co fin de establecer programas coordinados de mitigación, seguimento e avaliación a nivel rexional. Para iso, desenvolverase un conxunto de ferramentas baseado na revisión dos enfoques actuais e dos programas nacionais existentes e que impliquen novos proxectos piloto realizados nun "entorno seguro" de confianza mutua e cooperación entre as partes interesadas, co fin de integralo no desenvolvemento de melloras nas políticas públicas e na implantación de boas prácticas.

PRAZO: 2021/2028

PRESUPOSTO: 12.511.544,24 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Programa LIFE.

REDUCE

REDUCE ten como obxectivo reducir as capturas incidentais de megafauna mariña (aves, tartarugas, elasmobranquios e cetáceos) e aumentar as posibilidades de mellora da información para a xestión sustentable das pesqueiras desde as costas atlánticas da península ibérica ata a zona atlántica centro-este, na costa de África. O papel de CETMAR consiste fundamentalmente en facilitar e dinamizar a participación de todas as partes interesadas nos procesos de debate e no co-deseño de solucións para a captura incidental, co fin último de multiplicar as oportunidades de impacto do coñecemento e dos resultados da investigación xerados, e a súa transferencia efectiva aos usuarios finais.

PRAZO: 2023/2027

PRESUPOSTO: 8.927.513,75 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Horizonte Europa.

PLAN DE MARISQUEO DE GALICIA 2026-2031

A Consellería do Mar encarga a CETMAR a elaboración do Plan de acción para a Xestión do Marisqueo de Galicia 2026-2031, cofinanciado polo FEMPA. O seu obxectivo é fortalecer a xestión sostible do marisqueo, unha actividade clave para máis de 7.000 persoas e fundamental na economía azul galega. O plan busca diagnosticar a situación do sector, propor medidas para recuperar a produtividade, mellorar a sostibilidade ambiental, reforzar a gobernanza e garantir o benestar das comunidades costeiras. O plan elaborarase mediante un proceso participativo e de consenso que integre o coñecemento científico e tradicional, implicando a todos os axentes sociais, económicos e culturais vinculados ao marisqueo.

PRAZO: 2025/2026

PRESUPOSTO: 207.629,18 euros

FINANCIADOR: Fondo europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura (FEMPA). Xunta de Galicia, Consellería do Mar

PROXECTOS E SERVIZOS

SOL-OUXA II

Este proxecto dá continuidade a SOL-OUXA I e consolídase como un espazo de colaboración entre administración, investigadores e sector pesqueiro e marisqueiro. Ten tres obxectivos principais: coñecer a abundancia e distribución das ouxas (*Myliobatis aquila*) nas Rías Baixas, avaliar o seu impacto sobre os bancos marisqueiros e propoñer medidas de xestión para mitigar esta depredación. Baseándose en enquisas, entrevistas, obradoiros e revisión bibliográfica previos, SOL-OUXA II pretende contribuír á sostibilidade da actividade marisqueira a través do coñecemento científico e a colaboración directa cos actores implicados.

PRAZO: 2025/2027

XUNTA DE GALICIA

PRESUPOSTO: 332.569,20 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

TRANSFORMAR

O proxecto europeo Transformar ofrecerá solucións para impulsar a adaptación ao cambio climático. Promoverá a innovación cooperativa para activar a transformación social en seis rexións, mediante medidas baseadas na natureza, tecnoloxías innovadoras, os modelos de financiamento seguros e gobernanza, sensibilización e cambio de comportamento. En Galicia, o proxecto desenvolverá un caso práctico dirixido ao sector do mexillón e do marisqueo.

PRAZO: 2021/2026

TransformAr

PRESUPOSTO: 11.872.256,88 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Horizonte 2020.

Visor web dos datos de densidade larvaria
APROMEX

pesca marisqueo
PROFESIONALIDADE
cooperación
diálogo futuro
tradición
respecto

CIBBRiNA
Spring
Meeting

XESTIÓN E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA

BRIDGE

O proxecto pretende comprender o estado do ecosistema mariño do Mar Negro, avaliar a súa resiliencia e crear os mecanismos necesarios para xestionar estes ecosistemas de forma sustentable. BRIDGE-BS baséase nun concepto único que vincula a dinámica oceanográfica coa resiliencia, os servizos dos ecosistemas, múltiples factores de estrés e a innovación azul. Os resultados do proxecto terán como obxectivo demostrar como se pode manter un ecosistema resistente no Mar Negro ao tempo que se promove o desenvolvemento dos sectores da economía azul. O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR co-dirixe actividades de transferencia de coñecemento con especial atención á conexión entre ciencia e xestión pública.

PRAZO: 2021/2025

PRESUPOSTO: 9.000.000 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Horizonte 2020.

PREP4BLUE

Enmarcado dentro da "Misión Océanos, Mares e Augas" da Unión Europea, o obxectivo do proxecto PREP4BLUE é desenvolver as modalidades de implantación da I+D necesarias para acadar os obxectivos da Misión e facilitar unha primeira fase de éxito (2022-2025). Os resultados do proxecto permitirán ás misións desenvolver e pilotar a innovación tecnolóxica e social, así como modelos de negocio e gobernanza, facendo fincapé en metodoloxías que permitan co-deseño e implantación conxunta de solucións cos cidadáns e axentes interesados. Para acadar os obxectivos, traballaremos en colaboración co sector pesqueiro e científico.

PRAZO: 2021/2025

PRESUPOSTO: 4.997.690 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Horizonte Europa.

EUROPEAN MARINE BOARD

O EMB é un foro estratéxico pan europeo de ciencias mariñas. Funciona como un órgano consultivo non gobernamental e independente, que identifica retos e oportunidades científicas e tecnolóxicas mediante actividades de prospectiva e outros estudos, co fin de ofrecer recomendacións ás administracións competentes. CETMAR participa na iniciativa, representando os intereses conxuntos das organizacións académicas da súa xunta directiva; en particular, as tres universidades de Galicia e o CSIC, e coordinando os seus esforzos neste contexto co IEO (que conta cunha representación propia).

PRAZO: 2018/2026

PRESUPOSTO: 35.000 euros

FINANCIADOR: Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR.

GRUPO ELITORED
CETMAR

PROXECTOS E SERVIZOS

SHOREWINNER

O proxecto pretende establecer unha comunidade de prácticas entre cinco Centros de Excelencia de Formación Profesional (CoVE) en Portugal, España, Italia, Grecia e Chipre, con foco no sector das enerxías renovables mariñas. Estes CoVE colaborarán para mellorar a formación do persoal, compartindo recursos e estratexias para orientar a formación ofertada ás necesidades do sector. CETMAR participa no CoVE español, liderado pola Universidade da Coruña, elaborando materiais formativos sobre as ocupacións de maior demanda, e participando en campañas de sensibilización e actos de difusión xunto co consorcio. Ademais, promove a creación de grupos de traballo sobre formación en renovables mariñas, creando vínculos co Pacto de Capacidades.

PRAZO: 2024/2028

PRESUPOSTO: 4.975.531 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Erasmus Plus.

GREEN

GREEN, a rede europea para a formación profesional máis ecolóxica, pretende identificar, desenvolver, probar e avaliar enfoques innovadores para unha educación "máis verde" e a redución do impacto ambiental. Identificará as competencias verdes máis relevantes para o mercado laboral en seis sectores industriais: automoción, enerxía, baterías, defensa, marítima e fabricación aditiva. Estableceranse ferramentas de apoio para a mellor introdución destas competencias nos programas de FP, que se probarán mediante a formación de formadores. CETMAR coordinará a análise de necesidades de capacidade para reducir o impacto ambiental das tecnoloxías marítimas que foron identificadas polo proxecto MATES.

PRAZO: 2022/2025

PRESUPOSTO: 657.096 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Erasmus Plus.

.

FLORES

"Forward Looking at the Offshore RenewableS" reforzará a actividade do gran consorcio que promove o Pacto de Capacidades no sector das Enerxías Renovables Mariñas (ERM). FLORES apoiará ás organizacións máis comprometidas coa promoción da ERM, estimulando as ofertas formativas. O consorcio promoverá a formación para os novos postos de traballo previstos neste sector, estimados entre 20.000 e 54.000 nos próximos cinco anos, e contribuirá a mellorar as oportunidades formativas dos actuais profesionais de ERM.

PRAZO: 2022/2026

PRESUPOSTO: 877.668 euros

FINANCIADOR: Unión Europea. Erasmus Plus.

AIXOLA 2025

Programa de cursos no Centro de Formación "A Aixola" para formar a colectivos que abandonan a pesca para continuar desenvolvendo a súa actividade noutros oficios do sector marítimo. A formación técnica compleméntase con actividades de inclusión social e promoción da igualdade de xénero, ofrecendo apoio na procura de novas oportunidades de emprego, e promovendo o espírito emprendedor e cooperativo entre os seus beneficiarios. O denominador común de todas as accións formativas é a súa orientación práctica para a adquisición das competencias requiridas polo mercado laboral, mediante a aprendizaxe en taller e con proxectos derivados de necesidades reais. A Consellería do Mar encomenda ao CETMAR a xestión deste centro dende o ano 2004.

PRAZO: 2025

PRESUPOSTO: 235.711,87 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS 24-25

Impartición no Centro de Formación da Aixola en Marín das seguintes accións formativas para desempregados, no marco da orde do 1 de xullo de 2024: operacións auxiliares de mantemento de elementos estruturais e revestimento superficial de embarcacións deportivas e de recreo (298 horas); titulación para impartir docencia nos graos A, B e C do sistema de formación profesional (330 horas); operacións auxiliares de mantemento de sistemas e equipamentos de embarcacións deportivas e de recreo (408 horas).

PRAZO: 2024/2025

PRESUPOSTO: 121.082,70 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería de Emprego. Comercio e Migración.

CAPACITAMEX

O obxectivo é mellorar a formación do colectivo de produtores de mexillón de Galicia, mediante a transferencia dos resultados do proxecto APROMEX. Para iso coordinaranse encontros bilaterais con todas as asociacións de produtores de mexillón de Galicia, ás que se lles presentarán os resultados. Tamén se programarán sesións formativas para produtores de mexillón, coa participación de persoal implicado na investigación de APROMEX, así como doutros colaboradores do proxecto, e outras para o colectivo de formadores en acuicultura procedentes da Consellería do Mar a través de cursos para formadores en acuicultura. Elaboraranse guías e materiais de apoio para facilitar a posta en marcha dos principais resultados do proxecto APROMEX.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 241.466,26 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar e Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

PROXECTOS E SERVIZOS

IGAFA INGLÉS

O Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, imparte formación regrada nos ciclos de Técnico en Cultivos Mariños, Técnico Superior en Acuicultura e Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas. Para acadar unha formación completa e adaptada ás esixencias do sector, resulta imprescindible que o alumnado adquira competencias básicas de lingua inglesa aplicadas ao ámbito profesional mariño-pesqueiro. En virtude dunha encomenda da Consellería do Mar, CETMAR presta apoio técnico á implantación dos módulos de inglés profesional no IGAFA durante o curso 2025–2026.

PRAZO: 2025/2026

PRESUPOSTO: 75.988,06 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

XUNTA DE GALICIA

Innovación∞
Congreso de Innovación na Formación Profesional
2025
53 TRABAJADORES
FP Innova
XUNTA DE GALICIA
Innovación∞
CONGRESO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL 2025

PROXECTOS E SERVIZOS

2025-ANFACO CONSAGMAR PERÚ

Intercambio de experiencias en materia de control e fiscalización dos produtos hidrobiolóxicos de SANIPES (Autoridad Nacional de Sanidad e Inocuidad en Pesca y Acuicultura de Perú) en Galicia. As actividades previstas consisten na elaboración da axenda de reunións e visitas técnicas en materia de regulación, control e fiscalización dos produtos hidrobiolóxicos (postos de control fronteirizo, visitas a plantas de produción con ou sen inspectores de sanidade, entre outros). En cada un destes ámbitos xerarase o debate e recursos necesarios para a súa transferencia a Perú. Tamén se levará a cabo un programa de difusión do intercambio de experiencias que busca un efecto multiplicador do persoal técnico de SANIPES ao resto de profesionais fiscalizadores da autoridade competente.

PRAZO: 2025/2026

PRESUPOSTO: 185.000 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA

2025-MAR DE PIURA_PERÚ

O presente proxecto ten como obxectivo principal contribuír ao incremento da sustentabilidade das cadeas de valor vinculadas ao sector pesqueiro e acuícola na rexión de Piura, mediante o fortalecemento produtivo de iniciativas empresariais situadas na Baía de Sechura e o reforzo dos mecanismos de gobernanza operativos na rexión de Piura. Nun contexto de crecente preocupación polos efectos do cambio climático sobre a conservación dos recursos mariños e a súa explotación económica, a intervención busca adaptar os sistemas de produción e xeración de ingresos das comunidades costeiras, permitíndolles mellorar a súa calidade de vida de forma compatible coa protección e conservación da contorna natural.

PRAZO: 2025/2026

PRESUPOSTO: 100.000 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA

2024-VerTyCe

Proxecto para a adaptación ao cambio climático mediante o fortalecemento dos mecanismos de comercialización e propostas de turismo sostible como estratexia de diversificación da pesca artesanal en Sechura, Perú.
O obxectivo é contribuír á adaptación ao cambio climático asegurando a reactivación económica de diferentes colectivos de produtores e agrupacións de mulleres a través do fortalecemento dos procesos de comercialización e turismo sostible. Ademais, preténdese incrementar os procesos, mecanismos e accións que axuden a mellorar a situación socioeconómica de produtores e comerciantes, a partir da mellora do sistema de comercialización e a xeración de estratexias de diversificación pesqueira.

PRAZO: 2024-2025

PRESUPOSTO: 75.000 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

AQUAVALORA PERÚ

Resulta necesaria a avaliación actual dos mecanismos e instrumentos de mellora xerados dentro do proxecto ACUIPESCA, en relación aos proxectos piloto desenvolvidos no ámbito da acuicultura na Bahía de Sechura en Perú e, en concreto, no cultivo da cuncha de abanico.
O proxecto pretende incrementar a capacidade de resiliencia na poboación de Sechura a través de iniciativas vinculadas ao sector produtivo mar-alimentario que permitan o desenvolvemento económico da rexión.
Incidirase no fomento da trazabilidade e a comercialización da cadea de valor dos produtos hidrobiolóxicos da Bahía de Sechura para promover medios de vida sostibles, apoiando o enfoque de xénero e a gobernanza.

PRAZO: 2024-2026

PRESUPOSTO: 185.000 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

XUNTA DE GALICIA

2025-CURSO PRFV SV

Asistencia técnica para o fortalecemento de capacidades e a supervisión técnica en procesos con Poliéster Reforzado con Fibra de Vidro (PRFV) no Salvador. A intervención formúlase en dúas vertentes. Por unha banda, no deseño e posta en marcha dunha formación técnica especializada en PRFV, orientada a consolidar capacidades locais, xerar man de obra cualificada e contribuír á sostibilidade produtiva do sector. Por outra banda, haberá unha supervisión técnica das melloras previstas para o prototipo de embarcación de pesca artesanal, construído en PRFV, para garantir unha execución adecuada e favorece-la aprendizaxe do equipamento local.

PRAZO: 2025-2026

PRESUPOSTO: 20.680 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega. Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID).

XUNTA DE GALICIA aecid

2025-FORMACIÓN PESQUERA SV

Asistencia técnica para un proceso artellado de intercambio en Galicia e formación en ordenación do sector pesqueiro artesanal do Salvador, que se encadra nunha estratexia que combina o programa "Abraza o teu Mar", financiado pola Xunta de Galicia, e o convenio "Manos que Alimentan", financiado pola Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID). A lóxica desta asistencia técnica fundaméntase na articulación de dúas actividades complementarias que, xuntas, conforman un proceso único orientado a fortalecer as capacidades institucionais e sectoriais para avanzar cara a unha ordenación sostible e participativa da pesca artesanal salvadoreña.

PRAZO: 2025-2027

PRESUPOSTO: 44.366,44 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega. Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID).

XUNTA DE GALICIA aecid

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

2022-PE1XAN MZ

O obxectivo deste proxecto é a mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación do distrito de Namaacha, en Mozambique, fortalecendo as cadeas de valor da pesca e da acuicultura. Para isto trabállase na mellora das técnicas de produción, captura e conservación de produtos pesqueiros, así como no aumento da demanda de produtos pesqueiros e acuícolas para o consumo humano, garantindo o seu aporte á seguridade alimentaria.
Ao mesmo tempo, prestarase apoio a modelos empresariais sostibles de pequena escala baseados na organización sectorial e ao desenvolvemento de procesos produtivos con valor engadido que incentiven aos mercados a ser mais competitivos e dinámicos.

PRAZO: 2022/2025

PRESUPOSTO: 476.451,15 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega..Fundación Ayuda en Acción.

2024-XALISSIMA 2-MZ

O proxecto pretende mellorar a sostibilidade e a xestión integrada da cadea de valor da pesca e acuicultura promovendo o desenvolvemento socioeconómico, a igualdade de xénero, a seguridade alimentaria e a conservación ambiental dos ecosistemas de augas interiores na provincia de Maputo, en Mozambique. O que se pretende é promover o crecemento sostible da pesca artesanal a través da mellora da xestión, dos mecanismos de gobernanza e das técnicas de captura. Esta intervención pretende mellorar os niveis de ingresos familiares, e brindar capacidades técnicas aos beneficiarios comunitarios e ás institucións involucradas, afectando a todos os participantes na cadea de valor da pesca artesanal das comunidades, e creando sinerxías con outras intervencións na rexión

PRAZO: 2024/2025

PRESUPOSTO: 185.000 euros.

FINANCIADOR: Xunta de Galicia, Cooperación Galega. Fundación Ayuda en Acción.

2025-XALISSIMA III

O proxecto pretende impulsar medios de vida sostibles e resilientes ao cambio climático en zonas rurais de Mozambique, mediante a articulación innovadora de actividades agrícolas, acuícolas e pesqueiras, con un claro enfoque de xénero e unha aposta pola seguridade alimentaria. CETMAR traballa así en fortalecer as capacidades técnicas, organizativas e produtivas de comunidades rurais, especialmente de mulleres e xente nova, para integrar de forma innovadora e sostible a horticultura, acuicultura e pesca artesanal, mellorando a seguridade alimentaria e a resiliencia fronte ao cambio climático.

PRAZO: 2025/2027

PRESUPOSTO: 185.000 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

2023_ADELANTE2-Costa Rica

O proxecto ten como obxectivo capacitar ao sector pesqueiro de Costa Rica no uso de artes de pesca selectivas e amigables co ecosistema en beneficio da sostibilidade pesqueira, así como deseñar un módulo de capacitación para pescadores do país e realizar unha avaliación das artes de pesca utilizadas na zona. Esta capacitación terá lugar nos tres países que forman parte desta cooperación triangular: Costa Rica como país beneficiario; Perú como país oferente 1 e España como país oferente 2. Concretamente en España, a formación estará dirixida á administración pesqueira e ao sector e centrada en pesca marítima vinculada a artes e equipos de pesca, trazabilidade de produtos da pesca artesanal e relación entre o sector pesqueiro e o turismo.

PRAZO: 2023/2025

PRESUPOSTO: 100.000 euros.

FINANCIADOR: Fondo de cooperación triangular Unión Europea–América latina y el Caribe.

2024-FONSECA 4

Asistencia técnica para establecer procesos de xeración e xestión do coñecemento para a recuperación e sostibilidade do recurso marisqueiro no Golfo de Fonseca e fortalecemento de capacidades dos Tomadores de Obrigacións con competencias no sector. Traballarase na mellora da sostibilidade da actividade marisqueira de grupos de mulleres dos municipios hondureños de Amapala, Alianza, Nacaome, San Lorenzo e Marcovia, así como na mellora da gobernanza deste sector no sur de Honduras.

PRAZO: 2024/2026

PRESUPOSTO: 46.425,40 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Cooperación Galega.

NATMIRC

O proxecto pretende mellorar a capacidade de NatMIRC (Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia) nos recursos pesqueiros e as súas pesqueiras, así como favorecer a súa xestión sostible, a través da definición dunha alternativa científica para os datos históricos da época ICSEAF. Levarase a cabo unha busca de información alternativa e farase unha reconstrución da serie histórica de capturas. Explorarase un modelo de avaliación por tallas coa revisión dos modelos de avaliación existentes, posta en marcha do modelo escollido e análises dos resultados obtidos, prestando asesoramento no proceso de certificación MSC.

PRAZO: 2023/2025

PRESUPOSTO: 99.123,56 euros

FINANCIADOR: Xunta de Galicia. Consellería do Mar.

PROXECTOS E SERVIZOS

2024 FAO STP

O obxectivo deste proxecto é promover o recoñecemento das competencias laborais e establecer os programas de cualificación profesional necesarios para lograr unha inserción sociolaboral satisfactoria, ampliando as competencias básicas dos profesionais do sector pesqueiro artesanal en Sao Tomé e Príncipe.

PRAZO: 2024-2026

PRESUPOSTO: 179.688,81 euros.

FINANCIADOR: FAO.

2024_IDENTIFICACIÓN ETIOPÍA

Consultoría especializada en acuicultura para a oficina de Etiopía da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID). O seu obxectivo é prestar servizos especializados en acuicultura para apoiar á unidade de xestión do proxecto "Apoio ás políticas agrícolas e mellora dos sistemas de produción en Etiopía, incluída a piscicultura-Ministerio de Agricultura". Se avaliarán as etapas iniciais da compoñente de piscicultura e darase apoio á Oficina da Cooperación Española en Etiopía na supervisión e seguimento das actividades relacionadas co sector.

PRAZO: 2024-2025

PRESUPOSTO: 14.800 euros.

FINANCIADOR: Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo, AECID.

CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR

2025/5/6 10:38

PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS DE GALICIA

O Programa de Ciencias Mariñas de Galicia foi unha oportunidade única para a articulación da investigación mariña galega e para o reforzo das súas capacidades e resultados ao servizo da sociedade. Abordouse coma unha iniciativa inclusiva e participativa, deseñada desde unha perspectiva de implicación de todas as partes interesadas nestes traballos (quíntupla-hélice) e baixo o paradigma coñecido como RRI ou Investigación e Innovación Responsable.

Cun orzamento de 10.000.000 de euros, o programa, que finalizou en 2025, contou coa participación e promoción de 250 investigadores de múltiples disciplinas pertencentes ás tres universidades galegas, aos catro centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (IEO, IIM e INCIPIT) e aos seis centros tecnolóxicos ou de investigación da Xunta de Galicia (CETMAR, INTECMAR, CIMA, IGaFA, CESGA e METEOGALICIA), así como á Consellería do Mar.

A protección e xestión sostible dos servizos dos ecosistemas mariños é o principal reto do Programa Galego de Ciencias Mariñas a través de tres grandes liñas de actuación: a observación e seguimento do medio mariño e do litoral; a acuicultura sostible, intelixente e de precisión, e a innovación e as oportunidades da economía azul.

Estas tres grandes liñas de actuación desenvólvense a través de 11 paquetes de traballo con 38 accións que requiren 132 actividades e 293 tarefas que darán lugar a 172 entregables e 233 fitos, todos eles coa participación de 89 grupos de investigación.

L.A.1. Observación e seguimento do medio mariño e do litoral

Xerar unha estratexia de seguimento do ecosistema mariño de Galicia en todas as súas dimensións, co fin último de obter a información necesaria para garantir un mellor e máis sostible uso dos seus recursos e servizos, foi o obxectivo desta primeira liña de actuación do Programa de Ciencias Mariñas.

O obxectivo era contar cun conxunto multidisciplinar e interdisciplinar de ferramentas e tecnoloxías altamente innovadoras e eficientes para mellorar significativamente o seguimento e observación do mar, coma unha plataforma de datos integrada no Centro de Supercomputación de Galicia, ademais do uso de ferramentas heteroxéneas de integración de información baseadas en modelización complexa, ciencia de datos e intelixencia artificial.

L.A.2. Promover unha produción acuícola precisa e sostible

Nesta segunda liña de actuación desenvolveuse investigación avanzada en xenómica para mellorar os cultivos e ferramentas para o abastecemento sostible de semente na acuicultura de moluscos bivalvos. Ao mesmo tempo, traballouse para mellorar as estratexias de diagnóstico, prevención e control de patoloxías e no estudo de novos sistemas de cultivo sostibles baseados na acuicultura multitrófica integrada.

l.A.3. Economía azul. Innovación e oportunidades

O obxectivo desta terceira liña de actuación do Programa de Ciencias Mariñas de Galicia era promover a transformación social e económica, a transferencia, formación e capitalización do coñecemento cara a unha economía azul verdadeiramente sostible, con máis capacidade de proposta e transformación, para adaptarse aos retos da transición ecolóxica e dixital nun contexto de cambio global.

Para iso, impulsouse a investigación desde o ámbito das ciencias sociais, integrada con disciplinas dos ámbitos da física, química, matemáticas, bioloxía ou xeoloxía, entre outros, para acadar o desenvolvemento sostible e resiliente do litoral en Galicia.

Tamén se investigaron medidas para adaptar e mitigar as presións e vectores de cambio que se están producindo e realizáronse propostas concretas que axuden á toma de decisións de todos os interesados.

Por último, proxectouse o desenvolvemento dun modelo de xestión integrada do fluxo do coñecemento científico en ciencias do mar, especificamente adaptado ao contexto ambiental, sociocultural, económico e institucional de Galicia.

Contexto

O Programa de Ciencias Mariñas de Galicia enmarcouse no Programa Conxunto de Ciencias Mariñas -no que colaboran tamén as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Cantabria, a Rexión de Murcia e a Comunidade Valenciana- para despregar unha estratexia conxunta de investigación e innovación en ciencias do mar e conseguir de forma sostible abordar novos retos no seguimento e observación do medio mariño, cambio climático, acuicultura e outros sectores da economía azul.

O de Ciencias Mariñas é un dos oito programas definidos no marco dos Plans Complementarios entre o Ministerio de Ciencia e Innovación e as comunidades autónomas, para crear sinerxías, aliñar a execución dos fondos e establecer prioridades comúns. Os mencionados Plans Complementarios son o Investimento 1 do Compoñente 17 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos fondos Next Generation da UE.

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU y FEMP
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia
XUNTA DE GALICIA

MARIÑAS

MARIÑAS
Desarrollo de nuevas tecnologías DPC – Mejora de Servicios
A.- Proyectos piloto para el desarrollo de nuevas estrategias de diagnóstico (transferibles y de nuevo desarrollo tecnológico).
B.- Desarrollo y optimización de nuevas formulaciones vacunales
C.- Generación de Ac monoclonales anti-IgM a partir de linfocitos ...
D.- Prueba de concepto para desarrollo de una vacuna basada en mRNA ...

CIENCIAS
MARIÑAS
GALICIA
Asemblea final
II Encontro das ciencias mariñas
Presentación de
Resultados e diálogo
cos sectores do mar

EQUIPO HUMANO

ÁREA GERENCIAL

Rosa Chapela Pérez
Directora-Xerente

Fernando San Quintín García
Secretario Xeral

Gonzalo Borrás Carnero
TIC

Marta González Fernández
Técnica de Comunicación

Isabel Iglesias Ferreiro
Secretaria de Dirección

Jésica Pastoriza del Río
Secretaria de Dirección

Abigail Buceta González
Auxiliar técnica de área

Victoria Lago Monroy
Auxiliar técnica de área

CONTROL Y GESTIÓN DEL MEDIO Y LOS RECURSOS MARINOS

EQUIPO HUMANO

Marisa Fernández Cañamero
Coordinadora

Raquel Díez Arenas
Técnica de área

José Luis Gómez Gesteira
Técnico de área

Anxo Mena Rodríguez
Técnico superior de proxecto

Aida Ovejero Campos
Técnica superior de proxecto

Rula Domínguez Fernández
Técnica superior de proxecto

Mª Eugenia Villaverde de Saa
Técnica superior de proxecto

Olga Carretero Perona
Técnica superior de proxecto

Laura Fandiño Paramos
Técnica superior de proxecto

Belén Pungín López
Auxiliar técnica de área

TECNOLOXÍAS MARIÑAS

EQUIPO HUMANO

Silvia Torres López

Coordinadora

Ignacio González Liaño

Técnico de área

Clara Almécija Pereda

Técnica superior de proxecto

Silvia Piedracoba Varela

Técnica superior de proxectos

Elena Couñago Sánchez

Técnica superior de proxectos

Pablo Álvarez Chaver

Técnico de proxectos

Cristian Simoes Fernández

Auxiliar técnico especialista de proxectos

Elsa García Mayoral

Técnica superior de proxecto

Christian Martín Moreira

Técnico de proxecto

Marta Vázquez Fernández

Técnica de proxecto

José Guitián Bermejo

Técnico de proxecto

PROMOCIÓN E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA

EQUIPO HUMANO

Rosa Fernández Otero

Coordinadora

María Pérez Rodríguez

Técnica de área

Susana Rivero Rodríguez

Técnica superior de proxectos

Carla Baleirón Betanzos

Técnica superior de proxecto

Xoán Inacio Lueiro Amoedo

Técnico superior de proxecto

Susana Bastón Meira

Técnica superior de proxecto

Mariluz Vilariño Becerra

Técnica superior de proxecto

Marta Rodríguez Cobas

Técnica superior de proxecto

María Regueira Ces

Auxiliar técnica de área

Ana María Bastero Davila

Auxiliar técnica especialista de proxecto

SOCIOECONOMÍA DA PESCA

EQUIPO HUMANO

José Luis Santiago Castro-Rial

Coordinador de área

Pol Fontanet Pérez

Técnico de área

Yolanda Irawan Rincón

Técnica superior de proxectos

Davinia Lojo Amoedo

Técnica superior de proxecto

Marisa De Miguel Ilarri

Técnica superior de proxecto

Melisa Santiago Nieto

Técnica de proxecto

Javier Seijo Villamizar

Técnico de proxecto

Hugo Regalado Freire

Técnico de proxecto

Edgar Soto Cespón

Técnico de proxecto

Elsa Picón Pineda

Técnica de proxecto

María Armesto Fernández

Auxiliar técnica de área

FORMACIÓN

EQUIPO HUMANO

Lucía Fraga Lago

Coordinadora

Amaya Soto Rey

Técnica de área

Elsa García Mayoral

Técnica superior de proxecto

Jesús Iglesias Rodríguez

Técnico de proxecto

Mª José Blanco Somoza

Técnica de proxecto

Flor Arenaza Gomory

Auxiliar técnica de área

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Guadalupe Martín Pardo

Coordinadora

Mercedes Martínez Táboas

Técnica de área

Duarte Fernández Vidal

Técnico superior de proxectos

Arancha Rodríguez González

Técnica de proxecto

Eva Raña Álvarez

Auxiliar técnica de área

Centro Tecnolóxico do Mar
Fundación CETMAR

Eduardo Cabello s/n-Bouzas
36208 Vigo-España
+34 986 247 047
info@cetmar.org
www.cetmar.org

CETMAR
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR